



ELABORACIÓN DUN PROXECTO

Uso de obras no teu traballo respectando os dereitos de autor



Uso das obras

- Como normal xeral, precísase o permiso do autor para usar as obras creadas por outras persoas.
- Non se precisa permiso:
 1. Para o uso de datos, ideas e principios.
 - Sempre que escribas coas túas propias palabras
 - Lémbtrate de citar as fontes e o nome do autor.
 2. Para usar citas
 - Poden usarse citas directas dun texto
 - A cita debe limitarse a un fragmento dunha obra divulgada e a súa incorporación debe perseguir unha fin docente ou de investigación
 - A fonte e o autor deben mencionarse sempre



Uso das obras

3. As obras libres de dereitos de autor poden utilizarse libremente.
 - O prazo de protección xa non está vixente, é dicir, pasaron 70 anos desde o ano do falecemento do autor.
 - As leis, os regulamentos e os seus correspondentes proxectos, as resolucións dos órganos xurisdicionais e os actos, acordos, deliberacións e ditames dos organismos públicos, así como as traducións oficiais de todos eles, non están protexidas por dereitos de autor. Porén, si poden estar protexidas por dereitos de propiedade intelectual determinadas edicións destes textos.



Uso das obras

4. Incluír ligazóns

- Está permitido Incluír ligazóns directas a obras e prestacións que se atopen, co consentimento dos seus titulares de dereitos, en páxinas web de acceso libre.
- Como norma xeral, esíxese permiso para inserir un vídeo ou outra obra protexida no teu traballo, por exemplo, a través dunha licenza Creative Commons, salvo que poida ser de aplicación o límite de cita legalmente previsto, que permitiría incorporar un pequeno fragmento a modo de cita, análise, comentario ou xuízo crítico sempre que concorra unha fin docente ou de investigación.

A fonte debe ser legal, é dicir, compartida e distribuída co consentimento do autor.



Uso permitido con licenza

Existe unha ampla gama de solucións que permiten o uso das obras no teu traballo, como son as licenzas que conceden as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.

1. Cunha licenza de dereitos de autor para centros educativos poden copiarse extractos de textos en proxectos e na aula.
2. Outros permisos dos organismos que xestionan os dereitos de autor (por exemplo, para o uso da música)
3. Licenza Creative Commons ou CC
4. O permiso solicítase directamente ao autor ou ao titular dos dereitos de autor.

Uso de materiais de texto

- Permítese o uso de datos e ideas.
- Permítese incluír fragmentos de obras alleas, para realizar unha cita, análise, comentario ou xuízo crítico, sempre que esta incorporación se realice con fins docentes ou de investigación. Sempre hai que citar a fonte e o autor.
- Pegar un extracto dunha publicación, unha táboa ou fragmentos de texto como parte do teu traballo
 - Coa licenza de CEDRO para centros de ensinanza poden copiarse parcialmente e distribuírse as reproducións de libros, publicacións, revistas, etc.
- Verifica a fiabilidade das fontes e lembra citar as fontes e indicar o nome do autor.

Uso de imaxes


1. Podes usar fotos feitas por ti.
 - Lembra pedir permiso ás persoas que aparecen nelas para usalas.
2. Se un centro escolar precisa autorización para o uso de imaxes, pode solicitala ao titular de dereitos ou acudir á entidade de xestión que representa a fotógrafos e ilustradores, que en España é VEGAP.
3. Poden usarse imaxes compartidas baixo unha licenza Creative Commons, dentro dos parámetros desas licenzas.
4. Poden usarse imaxes cuxo prazo de protección xa non estea vixente.
5. Sempre podes pedir permiso ao autor/fotógrafo para usar a imaxe ou á entidade de xestión que os represente, en España é VEGAP.

Lembra mencionar sempre o nome do fotógrafo e, no seu caso, a fonte.

Facer fotos

- Poden facerse fotos en lugares públicos.
 - As obras (unha estatua, escultura, obra arquitectónica...) situadas permanentemente nas vías públicas poden ser reproducidas, distribuídas e comunicadas libremente por medio de pinturas, debuxos, fotografías e procedementos audiovisuais.
- Facer fotos é algo distinto a publicalas.
- A publicación dunha imaxe non debe vulnerar a intimidade ou a honra da persoa que aparece nela.

Recoméndase pedir sempre permiso para facer fotos e para publicalas.



Engadir música de fondo

- Consulta os arquivos de música e efectos de son e as condicións de uso dos programas de edición de vídeo (como iMovie ou Final Cut).
- Hai música dispoñible en Internet que pode usarse.
 - P. ex.: CCMixer e Freesound.org
 - Lembra consultar detidamente as condicións de uso dos bancos ou plataformas das que obteñas música.
- Podes usar a música que fagas ti.
- Para utilizar música de terceiros nunha curtametraxe ou traballo, podes pedir autorización ao seu titular de dereitos ou á entidade de xestión que o represente, por exemplo, SGAE.



Uso de vídeos

- Precísase permiso para usar un vídeo ou calquera parte do mesmo como parte do teu traballo, salvo que poida ser de aplicación un límite ou excepción, como o límite de cita.
 - A autorización pode obterse do autor/titular dos dereitos de autor (p. ex., o produtor do vídeo)
 - É posible que o permiso para usar o vídeo se concedera baixo unha licenza Creative Commons. Consulta detidamente as condicións de uso das plataformas ou páxinas web nas que atopas contido e asegúrate de que sexan sitios fiables.
- Pode incluírse unha ligazón directa que remita a obras e prestacións que se atopen, co consentimento os seus titulares de dereitos, en páxinas web de acceso libre.
 - Atención! O vídeo debe estar legalmente dispoñible en Internet.
- Para proxectar vídeos publicamente, precísase permiso.

Transformación dunha obra

- Para transformar unha obra, precísase o permiso do autor da obra.
 - Transformar unha obra é, p. ex., editar unha imaxe, traducir un texto, facer arranxos de música, editar vídeos, entre outros.
- O autor puido autorizar que se modifique a súa obra a través dunha licenza Creative Commons.
 - Consulta detidamente as condicións de uso das plataformas e páxinas web nas que atopas obras protexidas. Non todas as obras con licenza Creative Commons (CC) se poden modificar, depende do tipo de licenza CC que incluía o titular de dereitos.

Transformación dunha obra

- Para transformar unha obra precisas autorización do seu titular de dereitos, tamén podes consultar na entidade de xestión de dereitos correspondente, para unha obra de texto, por exemplo, a CEDRO
 - O traballo modificado non pode compartirse en Internet nin utilizarse salvo que contes con autorización ou sexa de aplicación o límite de parodia.
 - Non é preciso pedir autorización ao autor para realizar unha parodia da súa obra xa divulgada, sempre que iso non implique risco de confusión coa mesma nin se infira un dano á obra orixinal ou ao seu autor.
- As obras non poden alterarse de xeito que causen un dano ao autor ou á súa obra.

Coa licenza de CEDRO para centros de ensino

- Os profesores poden
 - Fotocopiar e repartir esas copias de partes de libros e outras publicacións.
 - Como máximo 10 % dun libro ou un artigo dunha publicación periódica (xornal ou revista).
 - Imprimir ou escanear obras textuais
 - Pór a disposición dos alumnos os fragmentos copiados nunha intranet
 - Incorporar o fragmento nun documento elaborado polo centro e para uso interno.
 - Fotocopiar textos de libros, publicacións, etc.
 - Enviar os fragmentos por correo electrónico aos alumnos e empregados.
- Lembra indicar sempre as fontes.

Licenzas Creative Commons



= debe indicarse o autor da obra



= a obra non pode utilizarse con fins comerciais



= a obra non pode alterarse



= unha variación dunha obra debe distribuírse en Internet baixo as mesmas condicións da licenza Creative Commons que a obra orixinal.

- Antes de utilizar material cunha licenza Creative Commons, aclara as condicións baixo as cales o autor autorizou o uso do material.
- O símbolo de licenza e o nome do autor deben citarse no teu traballo.
- Se é posible, debe facerse sempre unha ligazón á obra orixinal.

Citar as fontes

- Cando utilices material creado por outra persoa ou cites unha obra creada por outra persoa, deben citarse o nome do autor e a fonte conforme ás boas prácticas.



Exemplos para citar as fontes

- Un libro:
 - Autor(es). Ano de publicación. Nome do libro. Editorial.
- Publicación:
 - Escritor. Ano de publicación. Nome do artigo. Nome da publicación. Data de publicación ou número da publicación.
- Imaxe:
 - Imaxe: Nome do fotógrafo
- Fonte de Internet:
 - Escritor/editorial. Título. (Tipo de texto). Data de consulta. Disponibilidade: o enderezo de Internet.
- Unha entrevista:
 - Nome do entrevistado. Profesión. Empresa/organización. Día da entrevista.